

Isolina Villaverde Cendón

(MOURENTE, 1903-1990)

Conta a súa neta, María do Carme Lores, que a historia de Isolina Villaverde Cendón comeza o día que os fascistas asasinan o seu home, Aurelio Torres, porque ata aí, a súa vida era como a de calquera outra muller nacida en Mourente nos albores do século XX. Casara cun mozo da parroquia, tivera dous fillos e unha filla, mercara unha casa e traballaba as leiras. Pero todo troca no amencer do 23 de agosto de 1936, cando atopan a Aurelio na casa na que se agochaba e mántano.

Aurelio Torres, líder dos canteiros pontevedreses e poñente en mitins da Fronte Popular, participara, tras a sublevación, nas requisas de armas¹. Ao ver que o golpe triunfara agachouse, primeiro na casa dos seus pais, pasando cando conviña á da veciña do lado por unha trapela do faiado; e despois na casa dun veciño do outro lado da rúa. De alí sacárono a noite do 23 de agosto de 1936 para asinalo:

“O meu avó, Aurelio, era sindicalista pero sobre todo era anticlerical e creo que iso foi o que máis o prexudicou: que era fundamente anticlerical.

¹ Fonte: *Pontevedra nos anos do medo*. Pepe Álvarez Castro



Confesaba ser ateo e tiña unha disputa moi grande co cura da parroquia. A miña nai, que era a máis pequena, estaba sen bautizar. Os outros dous fillos non, pero miña nai nacera na II República e estaba sen bautizar. Bautizárona no corenta e tantos pero porque non había máis remedio, por imposición”.

A ese bautizo da súa filla non asistiu Isolina. Aínda que Aurelio era ateo, o resto da familia non e cando o mataron quixeron entrar co cadaleito na igrexa para ofrecerlle un responso, pero o cura non o permitiu. Pararon o féretro un segundo na porta pero non deixou que entrara a nada, nin sequera quería deixalo sepultar no cemiterio. Nese mesmo intre Isolina dixo que se a igrexa non era boa para o seu home tampouco era boa para ela e nunca máis, nos seus 87 anos de vida, a volveu pisar. Nin esa nin case que ningunha. Non foi ao bautizo da filla, nin á voda dos fillos, nin ás comuñóns dos netos e netas. Terían que pasar décadas para que volvera pór un pé nunha igrexa. A primeira vez foi con case oitenta anos. Entrou na de Santo André de Teixido, cando non había oficios, porque estaba prometida desde nena. A segunda e última foi en Nova Lorque, na comuñón dun bisneto e porque lle insistiron moito, mais mareouse e tivo que saír antes de rematar a misa.

Toda a vida cumpriu con aquela máxima súa de que se a igrexa non era boa para o seu home, tampouco o era para ela. E por suposto xamais pisou o templo no que o cura Ignacio Triñanes impedira entrar o cadaleito de Aurelio:

“Naquela igrexa non entrou nunca máis, nin ao bautizo da súa filla nin ás vodas dos seus fillos nin dos seus netos nin nada... A súa filla casou nesa igrexa e a súa nai non estivo... nunca entrou a nada. Levouno tan a rajatabla que todo o mundo a respectaba. Ninguén se atreveu a dicirlle á miña avoa: porque non vas?. A súa resistencia foi moi fonda”.

Esa loita contra o establecido, contra a imposición do catolicismo na España franquista e un loito eterno foi o xeito resistente que tivo Isolina de lembrar a Aurelio. Nunca falaba do seu home con ninguén e nin sequera puxo o seu nome na lápida:

“Para a miña avoa a súa memoria era algo íntimo. Con nós non falaba do meu avó nunca. Eu creo que falar con aqueles que tes máis cerca daquela época tiña que ser moi doloroso pero había tamén unha parte de recordo persoal: o que lle quedou do seu home era o dolor que sentía, o seu recordo era ese dolor e se o compartes deixa de ser teu”.

De feito, os netos e as netas de Aurelio Torres tardaron en saber que lle tiña pasado ao seu avó:



“No panteón familiar non había lápida do meu avó, non había letras, nunca houbo letras pero nós iamos poñerlle flores ao meu avó, sempre. A avoa dicía: ‘tendes que lle poñer flores ao avó que a tumba está moi mal’. E eu cando era pequena vía unhas letras, que eran as do meu bisavó, o pai dela, e pensaba que eran as do meu avó, ata que vas mirando e, claro, non me cadaban as cousas. Eses non podían ser os apelidos... Empezas a intuír que algo non vai ben: como lle vou poñer flores ao meu avó e non está aí o seu nome?. Que cousa rara... Empezas a ver cousas que non cadran, e nunca falan, e nunca din... Se preguntas danche unha resposta máis ou menos, nada que chame a atención pero, directamente, non che falan do que pasara, non che falan nunca. A avoa podía falar de cando era pequena, algo do seu pai, pero de seu home nada. Aínda así tiño moi presente e nós sabiamos que o tiña moi presente, ela transmitiunos iso. Unha vez pregunteille directamente, díxenlle que me falara del e díxome: ‘e que queres que che conte?... Nove anos, aínda non, que che podo contar? Pouca cousa...’ É verdade, pouca cousa. Contoume algún episodio como cando compraron a casa onde vivo agora eu, pero da morte nunca, tampouco preguntei porque sería moi doloroso”.

Aurelio e Isolina casaron o 22 de decembro de 1927. Marcharon de lúa de mel a Santiago e o día de Noiteboa estaban de volta na casa. Como ela dicía, apenas nove anos, aínda non, de matrimonio. Primeiro foron vivir cos pais dela, pero coa morte da nai, as relacións co pai complicáronse e decidiron marchar de alugueiro. Esa circunstancia sería utilizada logo por José, o irmán de Isolina, tamén detido tras o golpe, para amosar un distanciamento non real coas ideas do cuñado. Testificou que o botaran da casa por comunista, que el non estaba metido en nada, que era o seu cuñado, que por iso o botaran da casa. Aproveitou que, en 1933, Aurelio e Isolina marcharan á Bouza de alugueiro. Un ano despois, en 1934, Aurelio mercaría unha casa nunha poxa. De primeiras non lle gustaba moito porque tiña pouco eirado pero puxou por puxar e adxudicáronlla. Bendita poxa, de non ser por ela, Isolina quedaría viúva con tres fillos e sen nada. Porque naquel verán do 36 foron continuos os rexistros dos fascistas na súa casa. Primeiro buscando polo seu home, cando Aurelio andaba agochado, e despois de morto buscando papeis e levando xoias, libros e cartos. Nun dos primeiros rexistros, o maior dos nenos, Francisco, que tiña oito anos, enfrontouse con eles, defendendo a súa nai. Deu un paso á fronte e díxolles ‘o meu pai non está’ e levou no peito coa culata do fusil, levou un golpe tan forte que caeu de costas e quedoulle a marca da arma na pel. Os falanxistas quitáronlle todo canto na casa tiñan e co tempo terminaron por quitarlle tamén o pai.

Din que foi unha delación, que o denunciou a propia veciña que o agochaba. Estaba previsto que ao día seguinte Aurelio collera un barco rumbo a América disfrazado de cura, pero esa noite chegaron ao Pazo e levárono. Aurelio saíu



daquela casa a gritos pedíndolle ao seu pai e á súa nai, que vivían enfronte, que coidasen da súa familia. Aurelio apareceu morto á mañá seguinte, en Carabelos, na estrada de Bora. Mutilado. Cortáranlle os xenitais e metéranllos na boca.

“Cando viu que o golpe tiña efecto, o meu avó xa marchou ao monte porque sabía que a el o ían prender e, de feito, a súa morte foi... Levaban tempo buscando por el, collérono de noite, levárono a 150 metros, matárono e deixárono no camiño para que todo o mundo mirara o que se facía. Deixárono nunha cuneta á vista de todos, nun sitio no que a primeira hora da mañá o atoparon as leiteiras que viñan de Bora. Foi unha morte exemplarizante”.

Cando Isolina espertou á mañá seguinte, escoitou murmurios e marchou á casa da sogra e do sogro. Alí quedaría vivindo cos nenos e coa nena durante varios anos porque cando o soubo pensou que toleaba:

“Cando quedou viúva foi como se toleara, porque ademais apareceu tal bombardeo de información... dixéronse tantas cousas do que el fixera, do que pasara, que aínda que ela sabía a verdade, foi moi duro. É moi duro para quen está sufrindo escoitar certas cousas porque ademais non podes abrir a boca, non podes dicir nada. Acusaban o seu home de cousas que non fixera e iso para ela era terrible”.

A familia sepultou o corpo nunha tumba de terra, sen lápida nin nome. Aínda que o cura non o quería deixar enterrar no camposanto, como unha parte do cemiterio de Mourente non era da igrexa que era civil, puideron facelo aí. Anos máis tarde, na década dos 50, o pai de Isolina mercou un panteón e, cando el morreu, pasaron alí as cinzas de Aurelio e as da súa sogra. Alí si que se puxo lápida pero Isolina deixou o seu home sen nome: “Se ata o de agora estivo sen nome, sen nome segue” dixo, e así foi.

Isolina Villaverde Cendón quedou viúva con 33 anos e tres fillos de oito, sete e tres anos. Quedou sen o seu compañeiro e tamén sen a persoa que traía cartos á casa. Quedou coas leiras que lle deixara a súa nai, que nin sequera estaban todas ao seu nome porque aínda que a súa nai morrera, o seu pai non e tivo problemas coa herdanza. Os primeiros anos viviu coas crianzas na casa dos pais de Aurelio. Polo día traballaba a terra e pola noite aproveitaba a luz do luar para remendar sen ter que gastarlle nin sequera unha vela aos seus sogros. Rematada a guerra decidiu que tiña que facer a súa vida e marchou para aquela casa pola que o seu home puxara sen moitas ganas. Saíu adiante traballando a terra para consumo propio e vendendo o que non consumía, sobre todo ao hospital, para poder ter algúns cartiños cos que mercar o que necesitaba. Traballou as súas leiras moi pretiño do camposanto e moitas veces a veciñanza vía o seu sacho apoiado na



porta, porque case todos os días paraba a falar con Aurelio, á ida ou á volta do traballo. A pesar de que estaba soa e da dureza da posguerra, os seus fillos nunca pasaron fame:

“Ela sempre dicía: ‘Os meus fillos non pasaron fame’. Tiña terras e traballaba moito e había pan para cocer ou algo para facer un caldo, así que fame non pasaban pero privacións moitas. Había que pagar contribucións. Tiñas vacas e os becerros eran para iso ou matabas o porco e vendías todo, e das galiñas....uf, comías un ovo de cando en vez pero case todos eran para vender. Non tivo nunca posto, vendía directamente ao hospital. A ela a terra era o que lle daba enerxía, traballar nas terras da nai. Era moi teimuda e, aínda que tivo problemas de herdanza co seu irmán, ela tiña que vivir. Como sabía que terras eran da súa nai, levaba alí as vacas e dicía: ‘estas terras eran da miña nai, son miñas tamén, e de aquí non me bota ninguén’. Ás de seu pai, como vivía, non ía pero ás da súa nai si. Esa era a súa forma de vida”.

Isolina contáballe á súa neta que ía moer o millo á casa dunha veciña que tiña moitas terras, coa que se levaba ben, e que sempre lle dicía:

-Concha, queres pesar ti o que levo?

-Ai, non! Que de ti fíome ben.

“O que ela non sabía, filla, era que eu levaba un pouco máis porque facía falla, ou igual si o sabía pero deixábame precisamente porque sabía que facía falla. Había que buscarse a vida”.

Isolina contou sempre co apoio dos seus sogros e dos irmáns de Aurelio. O seu irmán Manolo, o Chía, tamén andara un tempo agochado e mesmo estivo preso en San Simón, pero o que máis a axudou foi José, o pequeno. Aínda así tivo que loitar moito para sacar adiante os seus fillos. Mesmo cando os varóns tiñan idade para traballar e podían contribuír cos cartos que tanto se necesitaban na casa, non foi así porque o maior, Francisco, marchou a Bos Aires primeiro e logo a Venezuela e Isolina tivo que pedir cartos para que viaxara. En canto ao pequeno, Aurelio, valía para estudar, como se dicía daquela, e cando tiña uns quince anos, moito antes xa de que o seu irmán emigrara, marchou para Zaragoza e Madrid, a continuar estudando e polo tanto neses primeiros anos non puido achegar cartos.

Pasaran anos pero seguía sendo tan fondo o medo que, cando quedou soa coa súa filla Lola, Isolina volveu durmir de novo á casa dos sogros. Malia iso, nunca pensou en facer que os fillos quedaran preto.

Para Isolina, que sabía ler e escribir, a escola sempre foi unha prioridade, por suposto tamén para á súa filla pequena, a única muller, Lola:



“A avoa tiña moi claro que había que ir á escola, que o futuro pasaba por estudar, por ter unha vida mellor independentemente dela e por iso, nunha época tan dura como foron os anos 40, deixou marchar un fillo porque tiña claro que era o mellor futuro para el... Dáballe igual se quedaba soa, cada un tiña que facer a súa vida do mellor xeito posible”.

Malia iso, ela era o nexa de unión da familia:

“Era moi aglutinadora. Os tres fillos daban a vida por ela; para a familia Isolina era Deus. Só un detalle: o meu tío, o que estaba en Venezuela, veu de alá no 74 e entrou a traballar nunha metalurxia onde tamén traballaban o seu irmán e o meu pai e alí o alcume que lle tiñan era mimamá, e non só polo xeito de falar que trouxera de Venezuela, que alá non dicía a miña nai dicía mimamá, senón tamén porque falaba moito dela. E Aurelio, o máis novo, tamén... Ela quizais tiña querenza especial por el porque lle marchou moi pronto e, cando estivo en Zaragoza, que era un niño de falanxistas, non o pasou nada ben”.

Foi a súa filla Lola, a menor dos tres, a que máis preto estivo da nai. Viviu sempre con ela e desde moi pequena traballaron xuntas as terras. Cando xa foi unha moza, ían a Cotobade buscar queixo de tetilla para vender en Pontevedra. Andaban vinte quilómetros de ida e vinte de volta coa cesta na cabeza, e Isolina mesmo andou ao estraperlo, pero as leiras foron o seu principal sustento desde que Aurelio foi cruelmente arrebatado para sempre do fogar dos dous:

“A súa vida despois foi o traballo, traballou e traballou e iso era o que lle daba forza, evitando romper a cabeza. Ás veces miña nai queixábase de que traballaban demasiado. Contoume que un día, cando quedaron as dúas, estaban nunha costa tirando polo arado, non podían máis, e ela díxolle: -Mamá, tanta necesidade temos para ter que facer isto? -Tes razón, non é para tanto... Para ela traballar a leira era a súa forma de tirar para adiante. A terra era o que lle daba enerxía”.

Isolina foi sempre unha muller valente, decidida. Nos anos 70, cando tiña 66, marchou soa a Venezuela, para ver o fillo. E despois a Nova Iorque, sen coñecer o idioma. Contaba outra das súas netas que entrara nun restaurante chino co seu pano negro na cabeza, porque nunca sacaba o negro, nunca quitou o loito, era o seu xeito de lembrar, non quería nin algo gris, non admitía nin un matiz naquela dor íntima, persoal.

Aurelio vivía dentro dela e dáballe forzas para enfrontarse ao de fóra, a aquela vida que había que vivir rodeada dos seus asasinados.

Ao cura que non deixara entrar o seu cadaleito na igrexa, que non quería deixar nin que a terra do cemiterio acollera o seu corpo mutilado, a aquel cura, Ignacio



Triñanes, que algunhas testemuñas recordaban nas patrullas nocturnas precursoras de tantos loitos coa súa pistola no cinto, non lle chegara co pai que ata lle molestaba a filla. Lola recordaba como, sendo moi pequena, non lle deixaba aos outros rapaces xogar con ela porque estaba sen bautizar e era filla dun *rojo*. O cura prohibíalles xogar con ela.

Os fillos de Aurelio Torres sempre souberon o que lle pasara ao seu pai e quen llo fixera. Aínda que na súa casa non se falara do tema tiñan claro quen fora, todo o mundo o sabía e, de feito, un día, xa casada, Lola ía para Mourente coa súa filla maior no colo, de pé, nun autobús cheo e un señor que estaba sentado díxolle: 'déixame esa nena que cha collo eu', e colleuna. E cando Lola se xirou e viu quen era dixo: 'saque de aí, solte á miña filla'... porque era un deles, un daqueles homes que foran buscar a seu pai. Así que Lola colleu a nena e marchou para o outro lado do autobús, afastada del, porque sabía quen era, todo o mundo sabía quen era.

E cando as fillas xa eran maiores, Lola Torres chegou un día toda incomodada á casa e ao principio non quería dicir o motivo pero logo confesou que, estando na dunha veciña, chegara das Américas o dono da casa onde se agochara o seu pai, e ela non quería velo diante porque fora o que delatara a Aurelio.

A familia Torres Villaverde nunca soubo se fora por medo ou cal fora a razón, porque o certo era que no 36 tiñan moi boa relación con ese veciño, moito máis que co resto do Pazo, porque no Pazo había moito falanxista. Había polo menos oito membros da Garda Cívica, formando parte algúns deles do Grupo 9 da Milicia Nacional de Segunda Línea, tristemente famosa polas súas correrías². Pero ao final foi o amigo e, despois de que pasara o que pasou, marchou correndo para Bos Aires e non regresou ata os oitenta, atopándose ao seu regreso coa filla do home que din que delatara.

E como son as cousas que ao final Isolina rompeu toda relación con aquela familia que fora afín e tívoo co resto da veciñanza do Pazo, que non o era pero que na morte do seu home non participara. A pesar das diferenzas ideolóxicas foi unha muller respectada e ata contaba que, mentres por conta doutros os dereitistas se enriqueceran con préstamos abusivos e enganos, a ela nunca lle pediran un céntimo máis do acordado. Mais había que vivir con esas persoas, sabendo que outros loitos si pode que causaran, e de cando en vez atoparse con aquela veciñanza de Mourente que a fixera chorar o seu. Coñecíaas a todas e tiña que velas e escoitar cousas.

Había que escoitar e que calar.

2 Fonte: Pontevedra nos anos do medo. Pepe Álvarez Castro



María del Carmen Lores Torres, a filla de Lola, a neta de Aurelio e Isolina, non coñeceu os detalles da morte do seu avó ata os anos oitenta. A primeira noticia chegoulle mentres falaba cunha amiga sobre a represión na Guerra Civil. A amiga faloulle dun veciño de Mourente que ata hai ben pouco aínda se gababa de todos os que paseara e mesmo contaba detalles das aberracións nas que participara. E así, falando dun dos homes aos que torturara, a amiga deu detalles que a Mari Carmen non lle soaron alleos. Preguntoulle máis e sóuboo: creo que estás a falar do meu avó... Entón tería uns 17 anos. Seguiu preguntando máis e máis pero sempre a xente de fóra, non á súa avoa, nin aos seus tíos, nin sequera á súa nai, que tiña tres anos cando quedou orfa, que tiña tres anos cando os fascistas lle roubaron os recordos futuros do seu pai e deixárona crecendo naquela Galicia de sotanas e represión que el tanto aborrecía:

“Cando eu era nova, empezando a democracia, a miña nai berraba comigo cando quería facer certas cousas e a miña avoa Isolina, que sempre viviu connosco, que foi a persoa máis importante da miña vida, apoiábame. E eu pensaba: como pode ser que a miña avoa, sendo máis vella que a miña nai, sexa máis aberta? E logo dinme conta de que o era porque tivera a oportunidade de vivir outra cousa que a miña nai non. A miña avoa, de nova, viviu unha vida que a miña nai non puido vivir, porque a miña nai naceu no 33 e o único que viviu foi a represión franquista, nada máis”.

Mesmo as ideas relixiosas de Lola eran distintas ás de Isolina:

“A miña nai era relixiosa porque era o único que escoitaba, o único que vía: que había que ir á misa. A miña avoa, en cambio, cría en Deus porque niso se criara, pero non na igrexa, porque a igrexa estaba gobernada por homes e os homes eran homes. Unha cousa que me dicía sempre era o da confesión: pero como vas ir alí a contarlle a túa vida a un cura?”.

Ideoloxicamente, Isolina non militaba pero comungaba coas ideas de Aurelio, afiliado ao sindicato de canteiros da CNT, mais a política quedou agochada nun acto case tan íntimo como o seu recordo:

“Despois do que pasou esqueces todo o que podías pensar porque o que tés é que vivir. Se deixan xente morta nas cunetas para que todo o mundo mire... como non vas vivir no medo?”.

Tampouco Lola tivo militancia política ningunha ata a súa morte prematura en 1991, só nove meses despois que a súa nai, pero aínda que lle roubaran os recordos que tería que ter vivido co seu pai, sempre tivo claro que Aurelio non fixera nada malo. Sufriera coas humillacións que de nena lle fixera o cura pero nunca dubidou de que o seu pai non era o mal. Do mal terminaría afastándose sen mira-



mentos nun autobús ateigado de xente ou no encontro obrigado co emigrante retornado.

“Di a xente que a todas as persoas que participaran no asasinato do meu avó, co tempo non a tiñan en boa consideración nin os propios falanxistas pero non me vale porque tan culpable é o que fai como o que consente ou o que alecciona, e o peor de todo é que todo o que pasou estaba ben premeditado, querían que a xente tivera medo e por iso deixaban os corpos nas cunetas. Din tamén que todas as persoas que participaron no de meu avó tiveron unha morte malísima... Non o sei pero, aínda que así fose, non é ningún consolo, porque viviron e meu avó non, e miña avoa viviu sen el, e miña nai non ten o seu recordo e eu non tiven oportunidade de saber por min mesma que era un bo home (...). Pero si sei que meu avó forma parte desas persoas anónimas sen as que o mundo que temos non sería posible”.